

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DE XANEIRO DE 2023**

**EXPEDIENTE GD: 261/2023**

### ANTECEDENTES:

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro e, en cumprimento do acordo plenario de organización da Corporación Local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias (Pleno 02.07.2019), **RESOLVO:**

**Primeiro.** Convocar **sesión ordinaria** do pleno do Concello que terá lugar o vindeiro xoves 26 de xaneiro de 2023, no Salón de Plenos do Concello, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas), coa seguinte orde do día.

### ORDE DO DÍA:

#### A) PARA DAR CONTA:

**Punto primeiro.** Dar conta ao pleno da corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

#### B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

**Punto segundo.** Aprobación, se procede, de actas anteriores (sesión ordinaria do 29.12.2022).

**Punto terceiro.** Aprobación da execución da prórroga obrigatoria do actual contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

**Punto cuarto.** Resolución de alegacións e aprobación definitiva da modificación puntual do Regulamento de funcionamento dos servizos de Comedores escolares, Bos días cole e Tardes divertidas do Concello de Ames.

**Punto quinto.** Declaración de especial interese ou utilidade municipal das obras de edificación de residencia de persoas maiores en Milladoiro, para posterior concesión de bonificación na cota do ICIO.

**Punto sexto.** Aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das instalacións culturais de propiedade municipal.

**Punto sétimo.** Elección de xuíz/a de paz substituto/a do Concello de Ames.

**Punto oitavo.** Inicio de expediente para a prestación do servizo de transporte público de Ames.

#### C) MOCIÓN:

#### D) PARA CONTROL DO GOBERNO:

**Punto noveno.** Rogos e preguntas.

**Segundo.** Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que se tratarán na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria. Non obstante, a documentación será remitida vía telemática os señores concelleiros/as xunto coa convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

**Terceiro.** Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde  
José Blas García Piñeiro

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo